

## **Cinco novos deputados e deputadas toman posesión no Parlamento de Galicia**

**Santiago, 6 de febreiro de 2017.-** Un total de cinco novos deputados e deputadas do Grupo Popular tomaron posesión esta mañá ao comezo do Pleno da Cámara. Trátase de Gonzalo Trenor López, María Soraya Salorio Porral, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña e Moisés Rodríguez Pérez, que acceden á Cámara en substitución dos conselleiros e conselleiras que renunciaron aos seus escanos.

### **Gonzalo Trenor López**

Naceu en Ribadeo en 1977. É licenciado en Dirección e Administración de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi director do Plan de Desenvolvemento Integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Foi coordinador da área de Saúde, Calidade de Vida e Medio Ambiente do Consello da Xuventude de Galicia. Vicesecretario do PP A Coruña. Foi deputado na IX Lexislatura, desempeñando o cargo de voceiro de Medio Ambiente e de Asuntos Exteriores e Cooperación do Grupo Popular. É deputado pola Coruña.

### **María Soraya Salorio Porral**

Naceu en Sada en 1962, residindo a maior parte da súa infancia en Suíza. É empregada de banca. Formou parte, no ano 2011, da candidatura do Partido Popular para as Eleccións Municipais no concello de Sada, sendo primeira tenente de alcalde neste municipio e ocupándose das concellarías Benestar Social, Educación, Cultura e Deportes entre os anos 2011 e 2015. Actualmente é concelleira en Sada, na oposición. Deputada pola Coruña

### **Jacobo Moreira Ferro**

Naceu en Santiago de Compostela en 1973. É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Programa de Liderazgo e xestión Pública no IESE. Avogado con 20 anos de exercicio profesional en diferentes bufetes e na empresa privada.

Concelleiro do PP en Pontevedra desde o ano 2007 e voceiro do grupo municipal desde 2012, sendo elixido presidente local do partido no 2014. Deputado autonómico na VIII e na IX Lexislatura. Accede ao Parlamento na X Lexislatura en febreiro de 2017. Deputado por Pontevedra.

### **Isabel Novo Fariña**

Naceu en Portas en 1978. Ten estudos en Ciencias Políticas na Universidade de Santiago de Compostela. Empresaria. Concelleira de Educación, Cultura, Turismo e Xuventude no Concello de Portas desde 2015. Accede ao Parlamento en febreiro de 2017. Deputada por Pontevedra.

### **Moisés Rodríguez Pérez**

Naceu en Tui en 1971. Ten estudos de Ciencias Empresariais pola Universidade de Vigo. Concelleiro desde o ano 1995, en 2011 é elixido alcalde de Tui, cargo que ocupou ata 2015. Foi deputado provincial entre os anos 2013 e 2015. Accede ao Parlamento de Galicia en febreiro do 2017. Deputado por Pontevedra.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.